

NON

¡Non!- dixo el, pero no fondo, sabía que cando ela tomaba unha decisión non había maneira de darlle a volta ós seus pensamentos. Agarrábase firmemente á idea de que todo volvería a ser coma antes de seguido, o mesmo que alguén se agarra a unha rocha, coa firmeza dunha lapa, “malditos fillos de puta”, pensou. A el custáballe soste aquela situación, ela polo visto xa non era quen de facelo.

El viuna, viu como se afastaba, os cabelos escuros remexidos polo vento producían o son máis fermoso que podía imaxinar, coma un arpa á que facía soar coidadosamente o aire, e movíase sempre dese xeito decidido, era miudiña, pero iso si, imponente.

A súa silueta recortábase contra a variedade de cores perfectas daquel tristeiro solpor, “ten máis curvas que unha estrada..jajaja” dixeran nunha ocasión o seu amigo Melchor, el sorría, e pensaba que si, que era perfecta por todo o que tiña e o que non tiña, que a súa cara era o espello de toda a fermosura existente no mundo, e máis tarde, deu en pensar que aínda que chegase a ser só mente, incorpórea, seguiría sendo igualmente a imaxe máis bonita que os seus ollos puidesen contemplar. ¿e agora que? Agora estaba alí a pensar tristemente nesas cousas mentres ela seguía afastándose, unha man limpaba as bágoas, mirouna, negra, unha man de cor chamizo, carbón, só unha cor: a

negra. Coa outra man golpeou no chan con furia “¡hostia, un cristal!” sangue vermello que emanaba da ferida, pingas grandes “¿por que sangro, mamá?” “Cando fas unha ferida o corpo chora, meu rei” bágoas, bágoas de sangue...bágoas espesas, como o chocolate, a cor chocolate da súa pel. ¿por que? ¡maldita sexa! A pigmentación escura do seu envoltorio facíao diferente ao resto, coma ese bombón de licor que queda sempre no fondo da caixa porque a moi pouca xente lle gusta o amargo do seu sabor. ¡unha pequena variación xenética! pero ninguén

comprende iso aquí “¡volve ó teu país, negro de merda!” e esas palabras golpeaban con furia na súa cabeza, pero el xa non conseguía diluílas, agora de novo se cravaban fondamente no seu peito.

Sangue no lavabo, preto, unha coitela de afeitar oxidada, tinxida coa cor vermella do sangue. Os finos cabelos escuros espaxados polo chan, un lamento na boca, unha bágoa nos ollos. A fermosura do amor permanece intacta, e máis sangue que choran os pulsos, sangue vermella...a cor da intolerancia.

aLbInHa

ASEGÚRAMO

Ti, que tes o futuro asegurado,
Asegúramo a min,
Asegúrame que non volverá a haber xamais,
Xa, nunca máis,
Nin unha soa mosca picando as tripas
inchadas da África negra chorando,
Nin un só río de xofre que infecte
As branquias enfermas dos peixes que sofren,
Nin un só sapo de corenta anos, que goza
No cu do cabezolo, nin un só bosque
Queimado, que me dea papel para que escriba
Que non foi provocado.
Asegúramo, asegúramo, asegúramo,
Nin un só idiota francés poñendo “atolóns”
De Indonesia aos seus pés, nin unha
Soa China recién nacida, tirada en cubos
De lixo podre, nin un só estúpido
Americano con sucios bloqueos ao pobo cubano,
Nin unha soa rusa, gañando un dólar
Con disface de puta, nin un só ario
Alemán, confundido no seu traxe de
Supermán, nin un só español asasinando
Un touro co “el cara al sol”
Asegúramo, asegúramo, asegúramo.